

06

A inspección lingüística de Galicia e o galego. Análise crítica da verificación do cumprimento da lexislación lingüística no ensino

Mario Gradín
Universidade do Minho

Resumo_ Nesta investigación cualitativa realizamos unha análise crítica das pautas e dos instrumentos de traballo da inspección educativa de Galicia para verificar o cumprimento da lexislación lingüística nos centros de ensino. Para iso, valémonos das entrevistas en profundidade a tres membros do mesmo servizo provincial, caracterizados polo seu perfil galegofalante e pola súa especial sensibilización cara á lingua galega. Os seus testemuños deixan de manifesto como, ante a ausencia de pautas de actuación comúns e polo feble da inspección lingüística, o galego se atopa nunha clara posición de desvantaxe no ámbito educativo, o que se opón ao modelo de equilibrio legalmente vixente.

Palabras chave_ lingua galega; inspección educativa; políticas lingüísticas; ensino.

Sumario_ 1. Introducción. 2. Características xerais da inspección educativa. 2.1. Evolución na configuración do servizo. 2.2. Estrutura interna. 2.3. Ámbitos inspeccionados e tipos de visitas. 2.4. Plans de actuación. 3. Criterios metodolóxicos. 4. Resultados. 4.1. Presentación dos informantes. 4.1.1. Inspector 1. 4.1.2. Inspector 2. 4.1.3. Inspector 3. 4.2. Métodos de avaliación lingüística (I): o control “sobre o papel”. 4.3. Métodos de avaliación lingüística (II): as visitas aos centros e as entradas ás aulas. 4.4. Os (in)cumprimentos lingüísticos: proporción e tipos. 5. Conclusións. Referencias bibliográficas.

The Linguistic Inspection of Galicia and the Galician Language: A Critical Analysis of the Enforcement of Language Legislation in Education

Abstract_ In this qualitative study, we carry out a critical analysis of the guidelines and working tools used by the educational inspection service in Galicia to verify compliance with language legislation in schools. To this end, we rely on in-depth interviews with three members of the same province department, who are characterized by their Galician-speaking background and their particular sensitivity towards the Galician language. Their testimonies reveal that, in the absence of clear operational guidelines and due to the weakness of linguistic inspection, Galician finds itself in a clear position of disadvantage within the educational sphere—something that stands in contrast to the legally established model of linguistic balance.

Keywords_ Galician language; educational inspection; language policies; education.

Contents_ 1. Introduction. 2. General characteristics of educational inspection. 2.1. Evolution in the configuration of the service. 2.2. Internal structure. 2.3. Inspected areas and types of visits. 2.4. Action plans. 3. Methodological criteria. 4. Results. 4.1. Presentation of informants. 4.1.1. Inspector 1. 4.1.2. Inspector 2. 4.1.3. Inspector 3. 4.2. Linguistic evaluation methods (I): paper-based control. 4.3. Linguistic evaluation methods (II): school visits and classroom observations. 4.4. Linguistic (non)compliance: proportion and types. 5. Conclusions. References.

1.

Introdución¹

A aprobación do Decreto 124/2007² (D124) pola coalición entre o Bloque Nacionalista Galego (BNG) e o Partido dos Socialistas de Galicia (PSdG) supuxo a aplicación no ensino das medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) (Xunta de Galicia, 2006³). Os principios recollidos neste acordo partían dunha visión compensatoria: se o galego se atopa nunha posición de inferioridade, cómpre equilibralo mediante un uso prioritario del nos principais ámbitos da sociedade, neste caso o educativo. Así, o D124 estableceu o emprego desta lingua nun mínimo do 50% do currículo do ensino non universitario e desenvolveu medidas adicionais na Educación Infantil para contrarrestar o tradicional efecto castelanizador da escola (Monteagudo e Bouzada, 2002).

Non obstante, o carácter rupturista do D124 foi acompañado da súa brevidade: coa súa chegada ao goberno no 2009, o Partido Popular de Galicia (PPdeG) derogouno e substituíuno polo Decreto 79/2010⁴ (D79), actualmente vixente. A nova norma eliminou o tratamento prioritario do galego nas aulas e instaurou un modelo de equilibrio onde ningunha das linguas oficiais pode superar en presenza á outra. Alén disto, permitiu incorporar proxectos plurilingües e seccións bilingües voluntarios con idiomas estranxeiros (xeralmente o inglés) que poden chegar a ocupar un terzo do horario. En conxunto, este decreto supuxo o primeiro retroceso rexistrado na introdución progresiva do galego no ensino que caracterizara a lexislación lingüística anterior (Silva, 2010), pasándose dunhas medidas de mínimos a outras de máximos (Iglesias, 2017).

O D79 obtivo un rexeitamento social maioritario; ademais, tamén contaría cos informes negativos recorrentes do Consello de Europa (2012, 2015, 2019), por considerar que o modelo de equilibrio non se axusta aos compromisos asumidos por España na súa ratificación da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias (*ibídem*, 1992), e a nivel xudicial coa sentenza 1286/2012 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia⁵ (TSXG), que suprimiu os artigos 5.2 e 12.3, piares do decreto.

De entre tódolos argumentos esgrimidos en contra do D79, un dos máis empregados foi o da súa falta de aplicación, debido a que nas aulas se rexistra unha clara tendencia ao castelán que incumpre o pretendido equilibrio lingüístico. Partindo dos resultados da última Enquisa de condicións de vida ás familias do Instituto Galego de Estatística (IGE) (2023), na figura 1 reflíctese o predominio do castelán nos usos orais do alumnado, tanto na comunicación cos pares coma co profesorado. No resto de ámbitos tidos en conta (lingua na que reciben as clases e a empregada nos exames, apuntamentos e exercicios escritos) o uso do galego como idioma único ou maioritario é notablemente inferior ao do castelán, o que supón o retorno á situación desfavorable do idioma no ensino coa lexislación lingüística anterior ao D124 (Monteagudo, Vázquez & Loredó, 2016: 214):

1 Este traballo intégrase nunha investigación máis ampla sobre as ideoloxías lingüísticas predominantes en Galicia no período 2007-2012, que se pode consultar na tese de doutoramento *A política lingüística da Xunta de Galicia aplicada na educación non universitaria galega no período 2007-2012: unha aproximación aos discursos e ás actitudes cara aos decretos 124/2007 e 79/2010*, dispoñible no repositorio da Universidade de Vigo: <https://hdl.handle.net/11093/8863>.


2 *Diario Oficial de Galicia*, 125, 29.07.2007.

3 A maioría da nosa análise limitase ao reparto de linguas por materias e aos usos lingüísticos nas aulas. Para unha análise máis polo miúdo dos dous últimos decretos de distribución de linguas, véxase Janeiro e Alonso (2013a, 2013b).

4 *Diario Oficial de Galicia*, 97, 25.05.2010.

5 *Tribunal Superior de Xustiza de Galicia*, Sentenza 1286/2012, 21 de novembro do 2012.

Elaboración propia.
Figura 1. Usos lingüísticos no ensino (poboación de entre 5 e 16 anos). Ano 2023 (en %).



Fonte: Instituto Galego de Estatística⁶ (2023).

En calquera caso, este tipo de enquisas parten da autopercepción do alumnado e/ou das súas familias; isto, unido á opacidade da Consellería de Educación neste senso, provoca que non dispoñamos dun coñecemento obxectivo da aplicación do D79 que permita comprobar en que medida os datos anteriores se axustan á situación *real* dos centros.

Para cubrir este baleiro institucional e académico, nesta investigación realizamos unha análise crítica⁷ dos discursos de tres inspectores de educación pertencentes ao mesmo servizo provincial. Nas entrevistas, relataron as súas experiencias arredor dos mecanismos empregados na inspección lingüística, polo que as súas declaracións contribuíron a establecer indicadores de tendencias do labor actual do servizo neste eido.

2.

Características xerais da inspección educativa

Nesta sección describiremos os trazos definitorios básicos da inspección educativa de Galicia, expoñendo brevemente: a) a evolución do servizo; b) a súa estruturación interna; c) os ámbitos avaliados e o tipo de visitas realizadas aos centros; e d) as características dos plans xerais que se actualizan cada ano. A escaseza de información sobre a inspección lingüística lévanos a servirmos das declaracións dos informantes para contrastalos coa normativa vixente, comprobar en que medida o relato oficial se corresponde coa súa actividade diaria e, ademais, obter unha primeira impresión dos seus discursos antes de centrármolos na análise de seu.

2.1. Evolución na configuración do servizo

Partindo do Artigo 31 do Estatuto de Autonomía para Galicia⁸ (28 de abril do 1981: 12), deléganse na Xunta de Galicia as competencias de regulación e administración do ensino, polo que todo o relacionado coa configu-

6 Os datos expostos nesta gráfica só fan referencia ao alumnado escolarizado nos modelos vehiculares tradicionais, isto é, co galego e o castelán como as únicas linguas vehiculares do ensino.

7 Esta investigación parte dunha posición crítica explícita co D79, tanto polos seus principios ideolóxicos como pola súa actual falta de aplicación.

8 [Boletín Oficial del Estado, 101, 28.04.1981.](#)

ración e o funcionamento da inspección educativa recaería no goberno galego. Despois das modificacións na regulación do ensino introducidas pola LOCE⁹, a Consellería de Educación desenvolveu o Decreto 99/2004¹⁰, co obxectivo de adaptar o servizo á nova normativa. De tódolos cambios realizados, interésanos particularmente a división do persoal en especialidades (25 de maio do 2004: 7322), a diferenza da homoxeneidade que caracterizara ao corpo os nove anos anteriores; non obstante, na práctica todo o servizo remataría desempeñando o mesmo tipo de traballo, sen realizarse distincións por áreas académicas¹¹ (Pérez, 2009: 4-5).

A aprobación da Orde do 13 de decembro do 2004¹², baseada no citado decreto, permitiu establecer normas de organización e funcionamento específicas para a inspección educativa. Con todo, en ningunha das dúas normas figuran pautas de actuación a respecto da avaliación lingüística: o único que se menciona é o recoñecemento da lingua galega como unha das posibles especialidades de acceso ao servizo (25 de maio do 2004: 7322) e como unha das áreas curriculares susceptibles de inspección (22 de decembro do 2004: 17850). Esta falta de información, unida á ausencia práctica de especialidades no servizo, provoca que na actualidade non existan pautas compartidas para realizar unha avaliación lingüística exhaustiva dos centros, polo que depende máis ben do criterio de cada inspector ou inspectora.

2.2. Estruturação interna

A inspección educativa está dividida en catro servizos provinciais, á súa vez desdobrados en sete sedes. Para facilitar o traballo, cada unha delas está conformadas por un sector principal (unha das sete cidades galegas) e un número variable de subsectores, que integran o resto de concellos (22 de decembro do 2004: 17849). Ademais, co obxectivo de que cada profesional conte coa maior heteroxeneidade de centros posible, sonlle asignados de diferente titularidade (pública ou privada), oferta educativa (dende a Educación Infantil ata o Bacharelato), tipo de ensino (regrado ou non regrado) e mesmo xeograficamente afastados entre si, polo que poden pertencer a un ou varios subsectores.

Na lexislación que mencionamos anteriormente non se achega información sobre o número de centros inspeccionados, polo que a cifra depende do persoal dispoñible e da cantidade de centros integrados en cada sector. Ao realizarmos as entrevistas, os tres informantes exercían o seu labor nunha das provincias do interior e estaban a cargo de entre quince e vinte centros.

2.3. Ámbitos inspeccionados e tipos de visitas

No Artigo 10 da Orde 13/2004 (22 de decembro do 2004: 17850) distínguense dous ámbitos susceptibles de inspección: os curriculares (materias e departamentos didácticos) e os estruturais (todo o relacionado coa xestión e regulación do centro). Partindo disto, no Artigo 6 (ibídem: 17848-17849) recóllense tres tipos de visitas: a) as xerais, que supoñen a revisión dos aspectos máis globais do centro; b) as específicas, deseñadas para avaliar unha cuestión concreta; e c) as incidentais, de carácter máis urxente e que requiren dunha inspección inmediata. No seguinte extracto, o IN1 realiza unha clara distinción entre a primeira e a segunda categoría, tanto pola súa importancia como polo tempo dedicado a cada visita:

9 [Boletín Oficial del Estado, 307, 24.12.2002.](#)

10 [Diario Oficial de Galicia, 99, 25.05.2004.](#)

11 Pese a que o Decreto 99/2004 realizara esa distinción por especialidades para o acceso ao corpo de inspección, esta sería posteriormente suprimida. Na actualidade tódalas persoas candidatas están integradas nunha única categoría, con independencia da área docente da que procedan.

12 [Diario Oficial de Galicia, 247, 22.12.2004.](#)

[1¹³]

IN1¹⁴. Non vai nunca máis alá dun día. [...] ás veces son visitas máis de--/ [...] case digamos de cortesía--/, [...] porque mm-- tampouco queres interferir demasiado no que é a--[...] actividade educativa, non? E logo-- hai unha serie de actuacións máis--/ máis concretas, que son por exemplo a supervisión de departamentos, [...] entón aí si que facemos e-- pois unha serie de visitas á aula--/, e-- revisión de/ de documento--s, de--materia--is, entrevistas co profesorado--/, entrevistas cos alumno--s, [...].

Pola súa banda, o IN2 distinguiu as visitas segundo o momento no que se realizan, asociando os primeiros meses de cada curso académico co período de maior traballo para o corpo de inspectores, ao supervisar cuestións relacionadas co ámbito administrativo. A asociación da verificación do cumprimento do D79 coa consulta dos informes elaborados polos centros permite anticipar a súa visión da inspección lingüística como un aspecto burocrático e limitado ao ámbito documental, o que caracterizará a maioría do seu discurso:

[2]

IN2. Estamos todo o ano visitando os centros, (.) [...] o que é para visitar a nivel [...] de papeleo por así decilo, pois--s ten varias fases, a primeira é sobre todo no mes de setembro e no mes de outubro, [...] por exemplo, o decreto do plurilingüismo, miramos se se cumpre a través do DOC, que é o Documento de Organización do Centro, e iso revisámolo nos dous primeiros meses de curso, entón digamos que a inspección así máis gorda é esa.

Aínda que o discurso do IN3 é moi similar ao do IN1, o entrevistado fixo unha descrición dos tipos de visitas máis axustada á clasificación recollida na normativa:

[3]

IN3. Nós temos diferentes modalidades de visita [...] en función-- de por que se produce esa visita, non? E--temos/ temos visitas e-- ordinarias, [...] de manter o contacto e tratar, e--/ e tratar temas mm-- xenéricos, temos visitas a demanda, nas que son/ é requerida a nosa presenza no centro polo propio centro--/, [...] e temos visitas programadas dentro dunha actuación concreta ou específica, e aparece no noso--/ no noso-- Plan xeral de inspección educativa ou no noso Plan provincial [...].

En relación co ámbito idiomático, os discursos dos nosos informantes denotan que cada inspector lle outorga un grao de importancia diferente á verificación do cumprimento do D79 durante o transcurso das visitas. Nas epígrafes 4.2 e 4.3 profundaremos nos mecanismos de avaliación empregados, en que as visitas ás aulas (ou a ausencia delas) adquiren unha importancia fundamental na nosa análise.

2.4. Plans de actuación

Segundo o estipulado no Artigo 9 do Decreto 99/2004, a inspección educativa ten a obriga de elaborar anualmente un plan xeral no que se concreten as “liñas, criterios e actividades que os inspectores de educación deben levar adiante para o desenvolvemento das súas funcións” (25 de maio do 2004: 7317). Á súa vez, no Artigo 10 tamén se determina que cada servizo provincial debe dispoñer dun plan anual específico, adaptado ás características e á organización específica do seu territorio de actuación (ibídem). Porén, nestes plans non se

13 Os criterios de transcripción destas entrevistas constitúen unha adaptación dos empregados en Rodríguez (2020; e 2022). Decantámonos, polo tanto, por unha transcripción que tivese en conta fenómenos prosódicos como as pausas, as repeticións, os alongamentos, as interrupcións e as superposicións de fala, así como as desviacións da norma como os dialectalismos e os castellanismos. Esta decisión responde ao desexo de reproducir da maneira o máis fiel posible o carácter conversacional das entrevistas, como destacaremos na epígrafe 3.

14 De agora en adiante, referirémonos aos informantes como IN1, IN2 e IN3 (Inspector 1, Inspector 2 e Inspector 3, respectivamente) e ao entrevistador como EN.

establecen pautas específicas de inspección lingüística: a única referencia atópase no Plan xeral de actuación da Inspección Educativa na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2010-2011¹⁵, o primeiro publicado trala aprobación do D79. Nesta disposición recóllese a necesidade de “velar polo cumprimento da normativa en materia de plurilingüismo”, así como de fomentar a “participación na posta en marcha e seguimento dos centros plurilingües e das seccións bilingües” (9 de novembro do 2011: 18359-18360).

Con todo, nos últimos anos a cuestión lingüística apenas se recolle nos plans xerais. A última mención ao respecto figura no do curso 2023-2024, o derradeiro publicado no momento da elaboración deste traballo, destacando como unha das oito liñas estratéxicas do servizo “potenciar as linguas estranxeiras e a progresiva internacionalización dos entros educativos” (9 de novembro do 2023: 61610). Porén, non se mencionan as linguas oficiais ou da función normalizadora do galego do centros, segundo o establecido no Artigo 12 da Lei de normalización lingüística¹⁷ (14 de xullo do 1983) e nos artigos 3, 11 e 15 do D79 (25 de maio do 2010: 9243-9245). Máis recentemente, no plan correspondente ao curso 2024-2025¹⁸ non figura directamente ningún tipo de información referente a esta cuestión, nesta ocasión sen referirse sequer ás linguas estranxeiras.

Dado que os plans provinciais e os informes anuais da inspección non están dispoñibles ao público xeral, os testemuños dos nosos informantes constitúen a única fonte de información da que dispoñemos. Considerando a baixa importancia que se lle concede á cuestión lingüística nos plans xerais, inferimos que no resto da normativa tampouco se recollen indicacións específicas sobre a cuestión idiomática, alén de referencias puntais ao ámbito das linguas estranxeiras.

3.

Criterios metodolóxicos

A principal motivación da elaboración deste traballo consiste na falta de transparencia por parte do goberno galego na situación sociolingüística no ensino, pois non existe ningún recurso accesible ao público no que figuren os resultados da inspección lingüística nos centros. Ao noso xuízo, este hermetismo xustifica a falta de interese que observamos no corpo de inspectores para colaborar nunha investigación destas características. Aínda que nun inicio partimos da pretensión de facer un traballo máis amplo que contase coa representación de inspector das catro provincias, as dificultades para obter resposta por parte do servizo provocaron que nos centrásenos nestes tres entrevistados, os únicos que aceptaron colaborar na investigación. Por este motivo, decantámonos por unha perspectiva cualitativa, analizando os seus discursos, representados en fragmentos numerados ao longo dos Resultados, co fin de profundar nas motivacións e nas xustificacións da súa práctica profesional.

A técnica escollida foi a de entrevista semidirixida en profundidade, o que provoca que posúa a dinámica máis propia dunha conversa (Denzin & Lincoln, 2017). O seu carácter aberto levounos a adaptar, modificar o reformular as preguntas, en base ás necesidades xerais da investigación ou de cada momento concreto da entrevista. Debido ás características intrínsecas a este tipo de enfoque, non podemos realizar extrapolacións de ningún tipo (González-Vega, Molina, López & López, 2022), polo que non se deben estender os resultados desta análise ao conxunto do persoal inspector, mais si nos permite establecer indicadores de posibles tendencias. Como

15 [Diario Oficial de Galicia, 215, 09.11.2010.](#)

16 [Diario Oficial de Galicia, 213, 09.11.2023.](#)

17 [Diario Oficial de Galicia, 84, 14.07.1983.](#)

18 [Diario Oficial de Galicia, 239, 12.12.2024.](#)

veremos, un dos puntos argumentais dos seus discursos consiste na alusión constante ao predominio do criterio individual na inspección lingüística, o que supón de seu una eiva da súa práctica profesional.

A mostra está caracterizada por unha certa coherencia no perfil dos informantes, pois os tres forman ou formaron parte do mesmo servizo provincial e son galegofalantes habituais, sumado a unha actitude compartida de sensibilización coa lingua galega e a súa situación social. As entrevistas tiveron lugar entre o 2019 e o 2022; para evitar calquera tipo de repercusión negativa derivada das súas declaracións, optamos por preservar o anonimato dos tres inspectores.

4.

Resultados

A presentación dos resultados estrutúrase en varios bloques temáticos que permiten ordenar de maneira sistemática a análise das entrevistas. En primeiro lugar, introdúcese brevemente os perfís dos tres informantes para contextualizar as súas traxectorias e posicións no servizo. A seguir, abórdase a análise dos métodos que a inspección emprega na avaliación lingüística, distinguindo entre o control burocrático “sobre o papel” e as actuacións realizadas mediante visitas e observacións directas nos centros. Finalmente, examínanse os tipos e proporcións de (in)cumprimentos detectados, co fin de comprender como estas prácticas repercuten no equilibrio lingüístico previsto pola normativa. Estes bloques permiten reconstruír, paso a paso, o funcionamento real da inspección lingüística e a súa capacidade efectiva para garantir o cumprimento da lexislación vixente.

4.1.1. Presentación dos informantes

A pesar de presentar o mesmo perfil sociolingüístico, por ser galegofalantes habituais cunha certa actitude de sensibilización coa lingua galega, observamos diferenzas nos discursos dos tres informantes dende os primeiros minutos, o que evidencia a falta de criterio na inspección lingüística. Esta diversidade tamén se reflicte no seu perfil laboral, por procederen de diversas áreas da docencia e incorporárense ao servizo en momentos diferentes.

4.1.1. Inspector 1

O IN1 posúe unha estreita conexión coa lingua galega, ao ser orixinario dun contexto vilego cunha presenza predominante deste idioma. O galego é a súa lingua inicial e habitual, recorrendo ao castelán unicamente nos casos de incompreensión. No eido laboral, foi docente da materia de Lingua galega e literatura, para posteriormente formar parte do servizo de inspección entre o 2005 e o 2020. Xa que logo, operou baixo tres decretos de distribución de linguas: o 247/1995, o 124/2007 e o 79/2010. Malia que afirma ter realizado unha revisión máis exhaustiva nos seus primeiros anos como inspector, con entradas ás aulas para comprobar os usos lingüísticos, as reticencias da comunidade educativa fixeron que cesase esta práctica:

[4]

IN1. [...] podemos entrar na aula (2.5), e-- eu-- fíxeno-- os primeiros anos (2.0), [...] e chegaronme-- mm-- queixas [por parte dos sindicatos (risos)] (2.0) [...] de que esto provocaba unha tensión no profesorado-- (.) que-- (2.5)/ bueno, que non lles gustaba. [...] sentíanse inspeccionados, sentíanse espiados, era como (') se non acreditásemos no que realmente puña, que tal materia, tiña que impartirse en galego, non?

Posteriormente xustifica estas queixas pola avaliación máis laxa realizada polos inspectores non especialistas en lingua galega. Como vimos, pese a que as probas de acceso ao corpo estaban baseadas na especialidade das persoas candidatas (isto é, na súa área de docencia), na práctica tódolos membros do servizo realizan unha inspección xeral e total dos centros, o que entende como algo inesperado:

[5]

IN1. A comprobación-- tiña que ser moi sistemática, [...] porque os que-- efectivamente, somos inspectores de galego e-- chegamos un pouco á inspección ca idea de que a nosa función sería fundamentalmente esa [...], a sorpresa foi que cando entramos no ámbito da inspección educativa [...] non eramos inspectores especialistas, eramos inspectores xeneralistas, de todo (1.5). Co cal, [...] os especialistas de lingua galega (.), eramos un pouco mm-- cuestionados porque e-- levábamnos a cuestión, digamos, do cumprimento da nor-/ do/ do decreto de maneira moi estrita, i o resto dos inspectores, non o levaban (.).

Debido a esta falta de especialización, o entrevistado amosa unha actitude crítica non só co decreto actualmente vixente (o D79), senón coas autoridades educativas, por entendela como unha falta de implicación co uso do galego no ensino. No extracto 6, resulta esclarecedor o seu uso da palabra “restrinxida” para destacar as limitacións da inspección lingüística actual, baseada nunha mera supervisión de que se respecte o modelo de equilibrio, así como de adxectivos como “despropósito” e “sensentido” que reforzan a súa posición escéptica ao respecto:

[6]

IN1. A nosa supervisión practicamente [...] queda-- restrinxida a--/ (2.0) a que se-- impartan na lingua establecida as materias [...], bueno, o-- último decreto do plurilingüismo establece esa/ esa--(')/ ese terzo, non? [...], que-- bueno (.) particularmente eu/ a min paréceme unha--/ (.) un despropósito, un--/ (.) un--/ un sensentido, e-- entón queda--/ queda practicamente limitado-- a esa cuestión [...] a que se cumpra esa normativa, non hai máis esixencia [...] das autoridades educativas (1.5).

Esta actitude crítica coas políticas lingüísticas de Galicia, unida a unha mención constante das limitacións impostas ao servizo á hora de realizar a inspección lingüística, caracterizarán a maioría do seu discurso.

4.1.2. Inspector 2

Ao igual có IN1, o IN2 procede dun concello rural maioritariamente galegofalante, e ten esta lingua como inicial e habitual, aínda que declare empregar o castelán con persoas de fóra de Galicia. Despois do seu período como docente dunha materia científico-técnica, accedeu ao servizo de inspección no 2015, solicitando un cambio de destino no 2020.

Malia que este informante presentou o discurso máis conciso dos tres inspectores entrevistados, os seus testemuños resultan reflicten a súa actitude escéptica co D79, por unha banda, e evidencian o feble da inspección lingüística actual, por outra, o que posiblemente denota un grao de incumprimento da norma maior ao esperado¹⁹:

[7]

IN2. E no que máis nos centramos é a nivel académico (.). [...], cales son [...] as materias en que é obriga dalas en galego, mm? [...] I é no que máis nos centramos, en que haxa un equilibrio, entón os que revisamos son os documentos que nos envían os centros a nivel de--/ (.) (') de/ de/ de aulas, non?, e por materias, (.) e vemos si cumpren ou non cumpren eses requisitos [...], pero os decretos estanos cumprindo, outra cousa é que ese

19 O discurso do incumprimento será debidamente analizado en 4.4.

decreto pois sexa [o máis idóneo (risos)] [...]. Outra cousa que é máis complicada é o que pasa dentro da aula. Porque eso é un control que facemos sobre o papel, despois o que pasa dentro da aula, pois é difícil, porque cando facemos a-- visita ás aulas, si, (.) que vemos que se cumpre (.) pero-- despois non o podemos asegurar.

Son varios os aspectos que deben ser comentados do fragmento anterior: a) a súa visión de que a inspección lingüística se cingue ao ámbito “académico”, limitándose a comprobar que se respecte o modelo de equilibrio do D79; b) a consideración desta avaliación como algo realizado “sobre o papel”, valéndose case exclusivamente da información recollida na documentación interna dos centros; e c) a afirmación de que predomina un seguimento teórico da norma, mais amosando ao mesmo tempo unha actitude escéptica ante o cumprimento do decreto no ámbito dos usos, debido ás dificultades de entrar nas aulas. Todos estes argumentos repetíranse con frecuencia ao longo do seu discurso.

4.1.3. Inspector 3

O IN3 procede dun núcleo urbano, aínda que na actualidade reside nun concello limítrofe. Bilingüe inicial en castelán e en galego, afirma empregar o segundo de maneira habitual, recorrendo ao castelán nos casos de incomprensión. Despois de varias décadas como docente de Educación física, incorporouse ao servizo de inspección no 2014.

O seu discurso destaca pola descrición dunha inspección lingüística que semella ser máis en profundidade cá dos outros dous informantes, cunha visita aos centros exclusivamente centrada na cuestión idiomática e avaliando a cuestión lingüística tanto dentro como fóra das aulas (extracto 8). Con todo, noutros momentos da entrevista podemos observar como, ao igual cós seus compañeiros, entende a avaliación lingüística como un labor principalmente documental, verificando que se estea a respectar o reparto idiomático equilibrado (extracto 9):

[8]

IN3. A--/ a--/ a visita que realizamos para comprobar o decreto, normalmente eu fágoa centrada nesa cuestión [...], emprego toda unha visita para analizar esa situación [...], e-- analizamos todo o decreto en todos os seus ámbitos, é dicir, nós/ nós temos que analizar o cumprimento do decreto de plurilingüismo no centro no seu conxunto, e temos que levar informe sobre esa cuestión.

[9]

IN3. o que facemos previamente é un análise das materias que non está regulado no decreto o seu idioma para impartilo, para que respecten/ respecten a carga horaria i ese/ i ese equilibrio que establece o decreto de--/ de plurilingüismo, si? É dicir, temos un traballo previo no que analizamos esa documentación, observamos/ observamos si hai incumprimento, [...] si hai incumprimento (.) fago eu igual a visita [...].

Outro dos aspectos destacables consiste na combinación do discurso da efectividade do D79 coa crítica do prexudicial que resulta para o galego. Noutras palabras, a súa afirmación do acatamento do decreto non resulta incompatible cunha valoración negativa da norma, ao entender que o seu modelo lingüístico reflicte a “declaración de intencións” do goberno actual. Isto constitúe unha consideración implícita das autoridades educativas como non comprometidas coa normalización do idioma:

[10]

IN3. o cumprimento desa norma, eu creo que é e-- bastante-- axeitada, así, que non hai laxitud. Outra cousa é si valoráramos a norma, [...] eso sería outro debate. A cuestión é, a norma que temos é unha declaración de intencións (.) do que é a/ a/ [a política lingüística dentro do ámbito educativo (risos)]. Entón, só/ só hai que lelo, [...] a que lingua lle afecta claramente? Ó galego, claramente.

4.2. Métodos de avaliación lingüística (I): o control “sobre o papel”

Como xa vimos, existen diferentes técnicas de verificación do cumprimento da lexislación lingüística aplicada ao ensino. Estas poden ser clasificadas en función do momento no que teñan lugar: a) o control previo ás visitas presencias no que se revisa a documentación achegada polos centros; b) as visitas propiamente ditas, que varían en función do seu obxecto (véxase 2.3); e c) no caso de que proceda, o seguimento posterior. Na sección anterior puidemos observar a importancia que os tres inspectores lle concederon ao primeiro paso, debido ás limitacións que impiden un control máis polo miúdo dos usos lingüísticos nas aulas. Con todo, existen diverxencias nos seus discursos, en función da súa xustificación deste tipo de inspección e das posibles formas de levala a cabo.

En primeiro lugar, o IN1 xustificara esta avaliación reduccionista por non constituír unha responsabilidade exclusiva do persoal especialista en lingua galega (véxase o extracto 5). Isto provoca que a maioría do servizo se conforme coa información achegada polos centros, sen realizar unha revisión máis exhaustiva e con entradas ás aulas. Así e todo, as dúbidas e reformulacións reflicten as súas posibles reticencias a criticar o traballo dos seus compañeiros e compañeiras, entrando en conflito coa súa propia postura crítica:

[11]

IN1. os outros inspectores, que eran doutras especialidades, non puñan.../ bueno, non lles tiña, por así decilo, tanto-- (') mm: non o--/ non o--/ non sentían esa necesidade, eles/ para eles era suficiente co que lles chegaba, ca información que lles chegaba (.) e-- de que efectivamente-- este profesor imparte as aulas en galego, que tiña o libro de texto en galego i: os apuntamentos que os daba en galego, e con eso/ con eso xa se--/ xa se cubría a situación.

Este discurso tamén o rexistramos no IN2, quen fixera referencia dende o inicio da entrevista a un control “sobre o papel” (véxase o extracto 7). Máis adiante, subliña a importancia da programación dos departamentos didácticos e do Documento de Organización de Centro (DOC), que se revisan para verificar que os centros respecten o modelo de equilibrio do D79: “comprobamos a programación de cada departamento, pero despois tamén comprobamos o que é o DOC, (1.5) [...], hai que buscar un equilibrio entre materias [...]” (IN2, extracto 12).

Xa que logo, para o entrevistado a maioría da inspección lingüística queda reducida a unha simple comprobación de porcentaxes, que tamén se pode calcular de maneira automática mediante un sistema informático: “O cumprimento avalíase en porcentaxes (.). [...] Entón bueno, hai incluso unha aplicación [...] na que podes meter os datos e diche si se cumpre ou non se cumpre, non?” (IN2, extracto 13).

No que ao IN3 se refire, mencionamos en 4.1.3. que o seu discurso é de carácter máis técnico e detallado, o que nos permite anticipar que realiza unha inspección lingüística máis polo miúdo cós outros dous entrevistados. En calquera caso, coincide co IN2 ao destacar a importancia do DOC para verificar o cumprimento do equilibrio lingüístico (extracto 14), por unha banda, e ao mencionar a aplicación que permite detectar no momento as infraccións (extracto 15) antes de realizaren a visita aos centros, por outra:

[14]

IN3. hai un estudio previo, [...] que-- é un DOC no que vén reflexado e-- xa concretamente toda a cuestión idiomática, toda a cuestión idiomática, vén rexistrado en que imparten cada unha das materias.

[15]

IN3. e si xa detectamos que no DOC hai un incumprimento, hai un incumprimento, a esto axúdanos tamén unha ferramenta informática que temos no departamento que xa e-- fai ese/ ese cálculo de porcenta--xes e todas estas cuestións, e si detectamos un erro, pois loxicamente vamos ó centro a subsanarlo [...].

Malia que lle outorga unha maior relevancia cós outros dous informantes á inspección lingüística extracurricular, no seu discurso focaliza o seu traballo no reparto idiomático: “eu a parte á que lle dedico máis tempo é [...] ó idioma en que se imparten-- cada unha das materias, en que imparten os docentes cada unha das materias, sin lugar a dúbida, porque é o máis complexo en canto á--/ á súa comprobación [...]” (extracto 16, IN3). Dada a importancia concedida a este aspecto, asocia as visitas presencias aos centros (e durante a realización destas, as entradas ás aulas) coa forma máis adecuada de garantir o cumprimento do equilibrio, trala revisión previa da documentación do centro:

[17]

IN3. É importante a análise dese documento previo, [...] é o que chamamos DOC, [...]. Pero aí, a-- e-- un dos apartados máis importantes [...] é a cuestión idiomática, e temos que facer un análise previo, [...] porque si non cando chegas ó centro [...] non vas a poder desenvolver o traballo axeitadamente, porque ás veces temos que falar con moitos doce--ntes e entrar en moitas aula--s e/ (') e non é fácil, entón hai que facer ese análise previo, [...] para despois facer a visita correctamente e face--r a inspección correctamente.

En suma, esta referencia ás visitas oponse aos testemuños do IN1 e do IN2, quen declararan que a revisión queda practicamente limitada ao eido documental e académico, proceso previo á comparecencia nos centros. Na seguinte epígrafe deterémonos en analizar as súas xustificacións da realización (ou da falta de) da inspección lingüística presencial.

4.3. Métodos de avaliación lingüística (II): as visitas aos centros e as entradas ás aulas

En 2.3. indicamos o tipo de visitas aos centros realizadas polo persoal inspector, distinguidas na Orde 99/2007 entre xerais, específicas e urxentes (22 de decembro do 2003: 17848-17849). Malia que nun inicio cabería integrar o control lingüístico no segundo tipo, a falta dun criterio compartido polo conxunto do servizo provoca que, en casos como os do IN1 e IN2, a avaliación da cuestión idiomática nin sequera constitúa unha visita de seu (véxase 4.2.).

Ante esta falta de entradas ás aulas, algúns membros do servizo parecen optar por outras vías, novamente asociadas ao eido da escrita; no caso do IN1, solicita copias das probas de avaliación e dos materiais de aprendizaxe empregados nas aulas: “pídense copias de controis, de exames, de/ de/ de--exercicios, de traballos, si.” (extracto 18, IN1). Deste xeito, a inspección dos usos lingüísticos orais nas aulas parece ser inexistente no traballo de moitos membros do servizo, como é o caso do IN2, quen destaca como a observación directa é incidental e puntual, cando se realizan entradas por motivos diferentes, debido á declarada imposibilidade de facer un control máis exhaustivo:

[19]

IN2. Non, non o estamos avaliando. E-- esto non o estamos avaliando porque sería entrar na aula, non?, (xx) entrar na aula para comprobar eso/ si, home, dámonos unha idea, cando entramos na aula, non para avaliar eso, senón para avaliar outras circunstancias, si que o ves. [...] Agora, ir expresamente a ver si se cumpre, a ese nivel, non. [...] nós podemos comprobar no papel, pero non podemos estar aí comprobando pois dentro da aula o que se está facendo continuamente [...].

Finalmente, en 4.2. destacamos que o IN3 é o único informante que entra nas aulas para supervisar os usos lingüísticos orais, o que contrasta coa inspección máis feble e indirecta realizada polos outros dous inspectores. No extracto 20 expón os diferentes procedementos que emprega ao respecto, que inclúen o seguimento do discurso do persoal docente, as entrevistas co alumnado e, no eido da escrita, a petición dos principais materiais de aprendizaxe e de mostras de exercicios, o que coincide coas declaracións do IN1:

[20]

IN3. Indudablemente, para a constatación de en que--/ en que idiomas [...] se imparte unha materia hai que visita-la aula. [...] nese desenvolvemento desa clase vai e--/ vou utilizar diferentes e--/ e--/ e-- (.) técnicas. A primeira, por suposto, escoitar ó docente como se está a dirixir ós alumnos. A segunda? (.) Análise de cadernos, apuntamentos, libretas dos alumnos para ver en que idioma [...] están realizando as tarefas, as tarefas, pedir e-- algún tipo de documentación como pode ser e-- fichas, apuntes aportados polo docente... (.) por suposto, o análise de libro de texto si é en papel, si é en papel, e si están utilizando algún libro dixital, pois co visionado de ese/ de ese libro dixital, [...]. Entón, e á parte desa cuestión [...], e-- te quedan as consultas puntuais aos alumnos, (2.0) sobre o idioma empregado na materia.

Con independencia do tipo de inspección realizada, os tres informantes sinalaron a tendencia ao emprego do castelán, tamén nas materias destinadas para o galego, o que se opón ao estipulado na sentenza 1286/2012 do TSXG. Esta cuestión será tratada máis polo miúdo na seguinte epígrafe.

4.4. Os (in)cumprimentos lingüísticos: proporción e tipos

Despois de analizar os discursos arredor dos mecanismos e ámbitos de inspección lingüística, cómpre centrámonos nas declaracións dos informantes arredor dos contextos en que se producen as infraccións lingüísticas e da súa proporción²⁰.

En primeiro lugar, debemos partir da distinción fundamental entre o eido curricular e extracurricular. No que ao segundo se refire, o IN1 afirma que predomina un seguimento xeneralizado da norma, ao tratarse dunha cuestión “clara”. Aínda que non produce máis discurso ao respecto, inferimos que se refire ao feito de que, segundo o establecido no Artigo 3 do D79 (25 de maio do 2010: 9243), o galego constitúe a lingua habitual da Administración educativa dos centros públicos²¹, polo que ao limitarse ao eido da escrita, este punto do decreto adoita ser respectado: “digamos que eso/ esa parte burocrática [...] soe cumprirse. [...] porque-- está establecido, ten que cumprirse, porque é moi claro, non?” (extracto 21, IN1).

Este discurso do cumprimento xeneralizado da parte burocrática coincide cos testemuños do IN2 e do IN3, quen consideran que constitúe unha cuestión facilmente revisable. Isto débese a que a propia documentación facilitada polos centros vai redactada en galego e, nalgúns casos, é accesible a través das súas páxinas web:

[22]

IN2. A nivel administrativo pois aí non temos problemas, porque a nivel administrativo toda a linguaxe e--a nivel escrita, pois eso é/ utilízase o galego, i eso--sabémolo i é fácil de comprobar porque todo o que nos vén, escrito, pos vén en galego, non? [...] entón é fácil saber esa--/ esa xestión, a nivel administrativo.

[23]

IN3. [...] os outros aspectos relativamente é máis fácil e incluso pódese facer unha comprobación nalgún caso sin ir ó centro educativo, é dicir, eu podo acceder á páxina web do ce--ntro, podo ver en que idioma están colgados os anu--ncios, todo este tipo de cuestións [...].

20 Aínda que non trataremos aquí esta cuestión, os tres informantes tamén se referiron brevemente ao perfil dos incumprimentos rexistrados: a grandes trazos, declararon que as infraccións en prexuízo do galego, pese a ser unha minoría, resultan máis frecuentes nos centros de Educación Infantil, de titularidade privada ou concertada e situados nos barrios de maior poder adquisitivo das contornas urbanas. En esencia, estas reticencias ao uso do galego adoitan corresponderse coas zonas e franxas de idade máis castelanizadas.

21 Partindo do establecido no devandito artigo, inferimos que os centros privados e concertados non dispoñen desta obriga de usar o galego no eido burocrático e administrativo. En calquera caso, o IN1 non fixo diferenzas no cumprimento do D79 neste ámbito, pese a que ao inicio da entrevista afirmou supervisar centros de tódalas titularidades.

Non obstante, os tres informantes manifestaron o predominio do castelán na dimensión oral. As declaracións do IN1 reflicten a súa consideración implícita do galego como unha lingua actualmente restrinxida a contextos máis formais, neste caso representados pola presenza dun inspector galegofalante, figura allea á vida cotiá dos centros. Noutras palabras, entende que non é unha lingua normalizada no ensino, presentando un uso ritualista que non se corresponde co dunha ferramenta de comunicación habitual:

[24]

IN1. Esa parte burocrática [...] soe cumprirse. [...] Pero logo o que é a lingua ambiental [é o castelán], e todo eso/ eso/ eso obsérvase claramente, non hai máis que entrar no centro e--/ e xa comprobamos, [...] na sala de profesore--s, no encontro nos/ nos corredore--s, e-- na comunicación entre-- o director e o--s profesores, pero cando chega o inspector (.) (') ó centro e se o inspector é de/ especialista en lingua galega (2.5), e-- claro, pois eso--/ eso xa condiciona, non?. É dicir, cando eu estou presente eles vanse expresar en galego (1.5). Logo [...] cando eu marchoo, eu non sei si (xx) seguen expresándose en galego.

Alén disto, o IN1 sostén que esta situación se agrava pola tendencia actual de moitos membros do servizo a empregar o castelán nos centros. Isto volve evidenciar a súa posición crítica coas autoridades educativas:

[25]

IN1. Nestes últimos anos, está entrando na inspección-- , [...] inspectores que chegan ós centros falando en [castelán (risos)] [...] [...]a min paréceme unha falta de/ de--/ (2.0) de rigor total, non?, na/ na/ na--/ na política lingüística-- deste/ deste goberno (2.0). Claramente.

En relación coa inspección lingüística nas aulas, observamos de novo a referencia ao contraste entre o predominio do galego no ámbito escrito e o do castelán no ámbito oral. Porén, a diferenza radica en que o uso escrito do galego adoita restrinxirse ás materias que se imparten especificamente nesta lingua, mentres que o castelán, no seu uso oral, se estende de maneira transversal a todo o currículo, independentemente da lingua vehicular da materia:

[26]

IN1. Normalmente non hai problema nunca co escrito [...], sexan-- apuntamentos, sexan-- libros de texto-- , probas, están en galego (.). Case sempre, salvo algunha--/ algunha excepción. Onde-- hai máis problema é na/ na--/ na lingua vehicular. Claramente. Mm? Na lingua vehicular tanto do docente como, e sobre todo/ bueno, cada vez máis, cada vez máis, do alumnado, [...] cada vez máis en/ en castelán.

[27]

IN2. Eu agora mesmo tódolos centros/ tódolos centros que levo, están cumprindo. Cumprindo sobre o papel, é o que estamos decindo, despois na aula non estás tódolos días, pero funciona así, [...] é cando te das conta que moitas veces non se cumpre, e--/ (.) ou-- seguramente que non se cumpra ó cen por cen ese decreto, os profesores [...] temos que cumprir aquel requisito e cumplímolo, pero realmente despois non falamos cos alumnos ó millor en gallego, e falamos en castelán, e solamente nunha aula ou nun momento determinado pois e-- utilizamos o--/ o que nos mandan, o galego. (') [...] si un profesor ten tendencia a ser castelanfalante pois vai ser castelanfalante, non va--i/ (risos) non se vai molestar-- tanto ó millor falándolle o galego [...].

Á marxe da comprobación máis proactiva dos usos lingüísticos por parte do IN3, no extracto 28 atopámonos cun dos discursos máis usados no discurso lingüístico institucional (Gradín, 2021), centrado na declarada liberdade de elección lingüística do alumnado nas aulas. Partindo desta premisa, o informante sostén que o persoal de inspección pode reflectir esta situación no informe de avaliación e recomendar aos centros que promovan entre os e as estudantes o uso do idioma no que se imparte a materia; porén, subliña que, na maioría dos casos, estas suxestións non teñen un impacto real, ao entender que non é un punto prescriptivo do D79 e que se limita a unha recomendación:

[28]

IN3. Nós cando estamos nun aula detectamos esa--/ ese intercambio lingüístico entre o alumnado, i entre o alumno [...] e o profesor. Claro, é unha parte importante, (.) nós eso e--recollémolo, o que detectamos, e podemos reflectilo (') no informe. Pero dende logo, a cuestión // cando non hai obrigatoriedade, pois nós simplemente o que facemos é reflexalo. [...] Que pasa? [...] si é recomendable que os alumnos na sesión de matemáticas [empreguen (risos)] o idioma galego para comunicarse por suposto co docente i entre eles, e non o fan, e non o fan como non é obrigatorio ó final esa cuestión (.) pois e-- (2.5) [...] non vai haber unha modificación en moitos casos.

Esta idea tamén a detectamos nas declaracións do IN2, no seu caso para xustificar que non efectúe entradas ás aulas especificamente centradas na avaliación da lingua vehicular: “pero é certo que o decreto di que o alumno pódese expresar en calquera das dúas linguas, (.) mm?, pódeo facer, inda que debe fomentarse que--/ que sexa a--/ a lingua na/ na que está, salvo que sea nas linguas, nas propias linguas, é decir, eso é o que di o decreto [...]” (extracto 29, IN2).

Aínda que inicialmente no artigo 12.3 do D79 (25 de maio do 2010: 9245) figuraba esta liberdade de elección lingüística para o alumnado nas materias non lingüísticas²², o TSXG remataría derogándoa na súa sentenza 1286/2012, restablecendo a obriga de empregar o galego nas materias destinadas ao seu uso (21 de novembro do 2012: 12). Xa que logo, a ignorancia desta sentenza (ou das modificacións do decreto que se realizaron nela) parece explicar a permisividade do servizo de inspección ante a tendencia ao uso do castelán nas materias impartidas en galego, así como a ausencia de entradas ás aulas por parte do IN2 para verificar esta cuestión. Sexa como for, isto constitúe a comisión dunha ilegalidade por parte das propias persoas encargadas de verificar o cumprimento da lexislación lingüística.

Polos motivos expostos anteriormente, e partindo do seu escepticismo coa inspección lingüística actual, o IN1 tamén manifestou que as infraccións do D79 son maiores ás actualmente rexistradas. Dito doutro xeito, a ausencia de observación directa deriva nunha avaliación laxa e incompleta do decreto, impedindo que o servizo rexistre os frecuentes casos de incumprimento da norma nos usos lingüísticos orais: “De calquera maneira (1.5) cando hai sancións, cando hai sancións por medio (.) e-- // cada vez hai menos (.), mm?, e non quere dicir que haxa/ que cada vez haxa máis-/ menos incumprimentos, non necesariamente, o que hai é menos inspección (.)” (extracto 30, IN1).

O discurso do extracto anterior coincide co do IN2, quen sostén que este tipo de control provoca que o servizo non sexa consciente de cal é o grao de cumprimento da norma no eido vehicular, especialmente nos usos orais. Dito doutro xeito, os membros do corpo que non realizan comprobacións empíricas nas aulas non levan un rexistro empírico e rigoroso de se o profesorado emprega a lingua na que se debe impartir a súa materia, polo que o testemuño deste informante se limita á súa valoración persoal e subxectiva; reparemos, neste sentido, no uso de expresións como “podo ter as miñas dúbidas”, “eu creo”, “daquela maneira”, “outra cousa” e “ó millor”, todas elas revestidas de ambigüidade:

[31]

IN2. Non estamos perseguindo eso, realmente. E--u podo ter as miñas dúbidas, pero creo que si, que os profesores que teñen que dar as clases en galego danas en galego, os que teñen que dar as clases en castelán, danas

22 Neste senso, cómpre matizar que o artigo mencionado recollía a liberdade de elección lingüística unicamente para o alumnado, xa que o profesorado sempre estivo obrigado a empregar unha lingua ou outra, segundo a normativa vixente. De feito, os propios inspectores sinalaron a existencia dunha tendencia ao uso do castelán nas materias que deben impartirse en galego. Así pois, a falta de inspección nas aulas contribúe á perpetuación dunha dobre ilegalidade: por unha banda, a do alumnado, trala sentenza do TSXG, e por outra, a do profesorado, xa prevista na versión inicial do D79.

en castelán. Outra cousa é que chegado o momento, simplemente pola inercia (.) mm?, terminen falando máis dunha maneira ou doutra, [...] o profesor esfórzase por dar a clase en galego, (.) daquela maneira, a profesora esfórzase por dar a clase en castelán (.) daquela maneira. [...] iso si que non/ non o sei (2.0) porque non estamos alí.

Finalmente, o IN3 concordara cos seus compañeiros ao outorgarlle unha notable importancia á revisión da documentación dos centros, supoñendo o paso previo ás visitas (véxase 4.2). Segundo sinala a continuación, este tipo de control permite constatar dende o inicio o número de infraccións lingüísticas cometidas polos centros, que entende como minoritarias e normalmente debidas a simples erros administrativos:

[32]

IN3. E-- (.) claro, e-- (.) cumprindo o decreto do dous mil dez hai algunhas materias que veñen reguladas, que di claramente cal é o seu idioma, polo tanto nese, nese documento que nos mandan anteriormente pois e-- vén cuberto adecuadamente [...]. De incumprimento e--inicial mínimos casos, mínimos casos [...].

En calquera caso, queda de manifesto como o incumprimento do D79 é notablemente superior ao rexistrado; isto débese non só á ausencia de inspeccións directas nas aulas, senón a unha interpretación errónea da norma por parte dalgúns membros do servizo, que entenden o precepto das obrigas lingüísticas como recomendacións, no canto de obrigas legais. Esta conxunción de factores contribúe a construír unha realidade ficticia de cumprimento xeneralizado, que impide detectar e corrixir a escasa presenza do galego na comunicación cotiá dos centros e perpetúa, en consecuencia, a súa situación de subordinación no eido educativo.

5.

Conclusiones

Despois de analizarmos as entrevistas, evidénciase a escasa relevancia que a inspección educativa galega lle outorga á cuestión idiomática, ao non establecer pautas para garantir o cumprimento do D79. Isto reflíctese tanto na ausencia na ausencia de directrices específicas no funcionamento do servizo coma no libre albedrío da avaliación lingüística actual, dependente do criterio de cada inspector ou inspectora.

Pese as diferenzas nos discursos dos informantes, os tres comparten unha visión crítica da posición de desvantaxe do galego no eido educativo e do efecto prexudicial do D79, que sen lugar a dúbidas axuda a incrementar (ou polo menos a perpetuar) o tradicional efecto castelanizador do ensino. A análise dos seus discursos permitiunos comprobar a pasividade do servizo de inspección neste senso: tanto o IN1 como o IN2 afirmaron non realizar visitas ás aulas, alegando queixas sindicais ou falta de recursos.

Pese a que o IN3 si realiza unha revisión máis exhaustiva da cuestión lingüística, manifestou non sancionar o uso do castelán polo alumnado nas materias impartidas en galego, ao crer, igual có IN2, que aínda predomina a liberdade de elección lingüística que xa non está vixente dende a sentenza 1286/2012 do TSXG. Isto implica que polo menos unha parte do servizo de inspección, responsable directo de verificar o cumprimento da lexislación lingüística, é descoñecedor da normativa e está a incorrer nunha ilegalidade.

Consideramos que os relatos dos nosos informantes se axustan á información achegada polo alumnado e as súas familias (véxase a figura 1), pola referencia a un predominio absoluto do castelán no eido escolar. Ao noso xuízo, esta tendencia non só se debe a un contexto sociolingüístico e xurídico desfavorable para o galego, senón tamén á pasividade do corpo de inspectores ao verificar o cumprimento do D79. Neste sentido, os propios entrevistados foron críticos co labor que desempeñan na inspección lingüística, limitándose a com-

probar que se respecte un modelo lingüístico de equilibrio que, ademais de ser teoricamente prexudicial para o idioma, non ten unha aplicación efectiva no eido dos usos, ámbito actualmente descoidado polo servizo ante a falta de protocolos de actuación comúns.

Tendo en conta o perfil galegofalante dos informantes e a súa sensibilización explícita coa lingua galega, podemos inferir que a inspección lingüística é probablemente moito máis laxa e feble por parte doutros membros do servizo, nomeadamente os castelanfalantes ou con actitudes negativas cara o galego. Por outra banda, a falta de transparencia dos resultados deriva nun novo incumprimento, debido á necesidade de facer unha avaliación anual da inspección lingüística que respecte os compromisos asumidos por España na ratificación da Carta europea para as linguas rexionais e minoritarias, como se recolle na disposición adicional quinta do D79 (25 de maio do 2010: 9247).

Polos motivos descritos, cómpre dispoñermos de fontes de información obxectivas procedentes do eido político (os informes da Consellería de Educación) e académico (estudos en profundidade) que describan e profunden nas metodoloxías, estratexias e técnicas de inspección lingüística empregadas na actualidade. Baixo o noso punto de vista, só con este procedemento se poderán desempeñar medidas eficaces para promover o uso do galego no eido educativo, situando a escola como un axente compensatorio que permita contribuír á recuperación social da lingua.

Referencias bibliográficas

- Consello de Europa. (1992). *Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias*. Estrasburgo: Consello de Europa.
- Consello de Europa. (2012). *European Charter for Regional or Minority Languages: Third report of the application of the Charter in Spain*. Estrasburgo: Consello de Europa.
- Consello de Europa. (2015). *European Charter for Regional or Minority Languages: Fourth report of the application of the Charter in Spain*. Estrasburgo: Consello de Europa.
- Consello de Europa. (2019). *European Charter for Regional or Minority Languages: Fifth report of the application of the Charter in Spain*. Estrasburgo: Consello de Europa.
- Denzin, Norman, & Lincoln, Yvonna. (2017). *The Sage handbook of qualitative research* (5ª ed.). Thousand Oaks: SAGE Publications.
- González-Vega, Alba María, Molina, Rubén, López, Alejandra, & López, Gloria Leticia. (2022). "La entrevista cualitativa como técnica de investigación en el estudio de las organizaciones", *New Trends in Qualitative Research*, 14. DOI: <https://doi.org/10.36367/ntqr.14.2022.e571>.
- Gradín, Mario. (2021). "Sobre a 'liberdade de elección' e o 'equilibrio lingüístico' no ensino: análise empírica do discurso parlamentario galego sobre os decretos de distribución de linguas", *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, 24, 119-156. DOI: <http://dx.doi.org/10.5209/madr.80237>.
- Iglesias, Ana. (2017). "Programas de inmersión, mantemento e submersión das linguas de Galicia", *Revista Galega de Educación*, 69, 50-57.
- Instituto Galego de Estatística. (2018). *Enquisa de condicións ás familias: Coñecemento e uso do galego, 2018*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dispoñible en: <https://www.ige.gal> (Consultado en 04.05.2025).
- Instituto Galego de Estatística. (2023). *Enquisa de condicións ás familias: Coñecemento e uso do galego, 2023*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Dispoñible en: <https://www.ige.gal> (Consultado en 04.05.2025).
- Janeiro, Xosé Luís, & Alonso, Andrés. (2013a). "A lingua galega no ensino: reflexións sobre o Decreto 124/2007", *A letra miúda. Revista de sociolingüística para o ensino*, 3.
- Janeiro, Xosé Luís, & Alonso, Andrés. (2013b). "O Decreto 79/2010: Penélope e a lexislación lingüística", *A letra miúda. Revista de sociolingüística para o ensino*, 4.
- Monteagudo, Henrique, & Bouzada, Xan. (2002). *O proceso de normalización do idioma galego. 1980-2000. Volume II: educación*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- Monteagudo, Henrique, Vázquez, Martín, & Loredó, Xaquín. (2016). *Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Pérez, Francisco. (2009). "La inspección educativa de Galicia: caminos recorridos y estrategias de futuro". *Avances en Supervisión Educativa: Revista de la Asociación de Inspectores de Educación de España*, 10. Dispoñible en: <https://avances.adide.org/index.php/ase/article/view/349> (Consultado en 23.04.2025).

Recalde, Montserrat. (2011). "A ignorancia como liberdade. Análise do discurso de resistencia contra a Lei de normalización lingüística en Galicia". En Fernández, Beatriz, Silva, Carmen, & Veiga, Alexandre (Coords.), *Os dereitos humanos: unha ollada múltiple*, 177–2011. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Rodríguez, Manuel. (2020). *Lingua, poder e adolescencia no proceso de substitución lingüística. Análise crítica do discurso nun centro de ensino secundario dunha vila galega*. Tese de doutoramento. Universidade da Coruña.

Rodríguez, Manuel. (2022). *Lingua, poder e adolescencia*. Vigo: Xerais.

Silva, Bieito. (2010). "As linguas no sistema escolar de Galicia". En Silva, Bieito, Rodríguez, Xesús, & Vaquero, Isabel (Coords.), *Educación e linguas en Galicia*, 39-61. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

Xunta de Galicia. (2006). *Plan xeral de normalización da lingua galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.



<https://revistas.udc.es/index.php/rgf>

Edita

Servizo de Publicacións da Universidade da Coruña,
co patrocinio de ILLA (Grupo de Investigación Lingüística
e Literaria Galega)

Dirección

Teresa López, Universidade da Coruña (España)
Xosé Manuel Sánchez Rei, Universidade da Coruña (España)

Secretaría

Diego Rivadulla Costa, Universidade de Santiago de Compostela (España)

Consello de Redacción

Ana Bela Simões de Almeida, University of Liverpool (Reino Unido)
Pere Comellas Casanova, Universitat de Barcelona (España)
Iolanda Galanes, Universidade de Vigo (España)
Leticia Eirín García, Universidade da Coruña (España)
Carlinda Fragale Pate Núñez, Universidade Estadual do Rio de Janeiro (Brasil)
Xavier Varela Barreiro, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Xaquín Núñez Sabarís, Universidade do Minho (Portugal)

Comité asesor

Ana Acuña, Universidade de Vigo (España)
Olga Castro, University of Warwick (Reino Unido)
Regina Dalcastagnè, Universidade de Brasília (Brasil)
Manuel Fernández Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Roberto Francavilla, Università degli studi di Genova (Italia)
Ana Garrido, Uniwersytet Warszawski (Polonia)
José Luiz Fiorin, Universidade de São Paulo (Brasil)
Xoán Luís López Viñas, Universidade da Coruña (España)
Xoán Carlos Lagares, Universidade Federal Fluminense de Niterói (Brasil)
Sandra Pérez López, Universidade de Brasília (Brasil)
Maria Olinda Rodrigues Santana, Universidade de Trás-Os-Montes
e Alto Douro (Portugal)

Comité científico

Silvia Bermúdez, University of California, Santa Barbara (Estados Unidos)
Evanildo Bechara, Universidade Federal do Rio de Janeiro (Brasil)
Ângela Correia, Universidade de Lisboa (Portugal)
Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Universidade da Coruña (España)
Manuel Ferreiro, Universidade da Coruña (España)
Maria Filipowicz, Uniwersytet Jagiellonski (Polonia)
Xosé Ramón Freixeiro Mato, Universidade da Coruña (España)
María Pilar García Negro, Universidade da Coruña (España)
Helena González Fernández, Universidade de Barcelona (España)
Xavier Gómez Guinovart, Universidade de Vigo (España)
Pär Larson, CNR - Opera del Vocabolario Italiano, Florencia (Italia)
Ana Maria Martins, Universidade de Lisboa (Portugal)
Kathleen March, University of Maine (Estados Unidos)
Maria Aldina Marques, Universidade do Minho (Portugal)
Inocência Mata, Universidade de Lisboa (Portugal)
Juan Carlos Moreno Cabrera, Universidad Autónoma de Madrid (España)
Andrés Pociña, Universidade de Granada (España)
Eunice Ribeiro, Universidade do Minho (Portugal)
José Luís Rodríguez, Universidade de Santiago de Compostela (España)
Marta Segarra, CNRS (Francia) / Universitat de Barcelona (España)
Sebastià Serrano, Universitat de Barcelona (España)
Ataliba T. de Castilho, Universidade de São Paulo (Brasil)
Telmo Verdelho, Universidade de Aveiro (Portugal)
Mário Vilela, Universidade do Porto (Portugal)
Roger Wright, University of Liverpool (Reino Unido)

Cadro de honra

Álvaro Porto Dapena (1940-2018), Universidade da Coruña (España)
José Luis Pensado (1924-2000), Universidade de Salamanca (España)
Rafael Lluís Ninyoles (1943-2019), Conselleria de Educació i Ciència,
Generalitat Valenciana (España)



Depósito legal/ C584/2000
ISSN/ 1576-2661
ISSN-e 2444-9121
Deseño/ Novagarda